



"ORDENANZA NÚM: 27.

ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE CURSOS OU ACTIVIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO EDUCATIVO, PROFESIONAL, ARTÍSTICO, E PERSOAL REALIZADAS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Soutomaior, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril reguladoras das Bases de Réxime Local, establece os prezos públicos por cursos ou actividades formativas no ámbito educativo, profesional, artístico e persoal organizados polo do Concello de Soutomaior.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, quen se beneficien dos servizos prestados. No caso de que os beneficiarios sexan menores de idade o titor o representante legal dos mesmos.

O devengo deste prezo ten lugar no momento no que se efectúe a solicitude de matriculación correspondente, nacente a obriga de pago cando se inicie a prestación do servizo .

ARTIGO 3. CONTÍA

1.- A contía dos prezos públicos regulamentados nesta Ordenanza será fixada pola proposta para cada unha das actividades polo Concelleiro/a da área correspondente, atendendo ao estudo económico que se efectuará respecto de cada unha das actividades a realizar. A estes efectos, unha vez elaborado o estudo económico polo/a técnico/a responsable, elevarase proposta ao Concelleiro/a para a determinación do prezo público, dando conta do mesmo á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación definitiva.

2.- O prezo fixarase polo órgano competente de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos Servizos correspondentes, o órgano competente poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

3.- As tarifas deste prezo público queda determinado para as actividades que teñen un carácter periódico nas programacións do seguinte xeito:



**Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA**

Alexandre Boveda, n.º 8 – 36691 SOUTOMAIOR –
Alexandre Boveda, n.º 8 – 36691 SOUTOMAIOR –

ACTIVIDADES*	TOTAL		OPCIÓN DE PAGO					
	Empadroados	Non empadroados	POR TRIMESTRE		BIMENSUAL		MENSUAL	
			Empadroados	Non empadroados	Non empadroados	Non empadroados	Empadroados	Non empadroados
Escola Municipal Teatro	54,00 €	108,00 €	--	--	12,00 €	24,00 €	--	--
Escola Municipal Debuxo e Pintura infantil /xuvenil (- de 35 anos)	67,50 €	162,00 €	--	--	15,00 €	36,00 €	--	--
Escola Municipal Debuxo e Pintura adultos (+ 35 anos)	112,50 €	162,00 €	--	--	25,00 €	36,00 €	--	--
Escola Municipal Xadrez	80,00 €	160,00 €	--	--	20,00 €	40,00 €	--	--
Aula de apoio e reforzo educativo	45,00 €	108,00 €	--	--	10,00 €	24,00 €	--	--
Baile latino	45,00 €	90,00 €	15,00 €	30,00 €	--	--	--	--
Bailes Variados	45,00 €	90,00 €	15,00 €	30,00 €	--	--	--	--
Danza do Ventre	45,00 €	90,00 €	15,00 €	30,00 €	--	--	--	--
Ponte en forma	120€	162€	40€	54€	--	--	--	--
Guitarra española menores de 35 anos	--	--	--	--	--	--	12,00€	30,00€
Guitarra española + de 35 anos	--	--	--	--	--	--	15,00€	30,00€
Curso manipulación de alimentos	12,00 €	16,00€	--	--	--	--	--	--
Curso inglés ou outros idiomas (40h) para xoves de máis de 15 anos e menos de 35 anos			25,00€	60,00€				
Curso idiomas para nenos de ata 15 anos e para maiores de 35 anos (biblioteca)							15€/mes	30€/mes

* Nota: poderase pagar a totalidade da praza no momento do inicio ou durante o transcurso da actividade.

OUTRAS ACTIVIDADES**	TARIFA / RATIO
GRUPO A: Aplicable a actividades formativas, para o emprego e de carácter profesional (cursos, xornadas, monográficos, etc.)	0,50 A 3€/H
GRUPO B: Aplicable a actividades sociais, de lecer, educativas e culturais (campamentos, viaxes, encontros xuvenís, actividades educativas en familia, festexos, etc.)	0€ A 120 €/actividade

** Nota: prezos aplicables en función do orzamento, valorando os recursos materiais e humanos necesarios para a súa realización e baixo informe técnico no que se teñan en conta criterios tales como: a necesidade, demanda, duración da actividade no tempo, desprazamentos para a realización da actividade, servizos que se inclúe e valor e interese social da iniciativa no contexto municipal. Dependendo do importe da actividade poderá fraccionarse o pago si se considera que cómpre



facelo debido ás características da actividade e do interese social da mesma

ARTIGO 4-EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Establécense as seguintes bonificacións e exencións :

- Cando no mesmo grupo familiar teña máis dun participante se aplicarán as seguintes bonificacións:

Ao 2º participante unha bonificación do 25%

Ao 3º participante una bonificación do 50%

Ao 4º participante unha bonificación do 75%

Os quintos e sucesivos membros participantes dun mesmo grupo familiar quedarán exentos da taxa .

- Cando as persoas inscritas sexan beneficiarias da prestacións como RISGA ou similares prestacións quedarán exentos da taxa. Determinarase en cada actividade o número de prazas dispoñibles obxecto desta bonificación en función do tipo de actividade. Esta exención concederase polo Concello a petición do interesado acompañado dos seguintes documentos:

--Copia compulsada da resolución da concesión do RISGA (ou similares prestacións) e demais documentación, que no seu caso, sexa requirida pola traballadora social ou informe da traballadora social ou institución análoga que poida acreditar a situación

3) Cando as persoas estén en situación puntual de emerxencia ou se consideren en risco de exclusión social quedarán exentos da taxa. Terán que acreditar tal condición previo informe da Traballadora Social do Concello, dunha institución análoga ou de persoal técnico acreditado para certificar tal condición.

4) Cando todos os membros da unidade familiar se atopen en desemprego e poidan acreditarlo bonificarase un 50%.

Todos os expedientes de exencións serán tramitados polo departamento de servizos sociais e resoltos pola Xunta de Goberno Local. No caso de que a resolución sexa favorable o interesado queda excluído do pago do prezo público durante o exercicio económico no que cursa a solicitude.

ARTIGO 5.LIQUIDACIÓN

1.- As tarifas dos cursos e actividades liquidarase en efectivo (agás cando se dictamine o contrario) no momento de presentar a solicitude no lugar onde se indica nas información ou bases da actividade.

2.- Cando por causas non imputables ao obrigado o pago non se preste ou desenvolva o servizo, procederase á devolución da tarifa correspondente. No resto dos casos unha vez cumprimentada a inscrición non se devolverá o importe aboado agás cando a actividade se cancele por falta de alumnado suficiente ou calquera outra circunstancia.

ARTIGO 6.- INGRESO

A responsable técnica da actividade deberá efectuar o ingreso do recadado nas contas bancarias que ten abertas o Concello no termino municipal e entregar informe de ingresos na Tesourería Municipal.



Concello de
SOUTOMAIOR
PONTEVEDRA

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza queda derogada a actual ordenanza nº 27 ORDENANZA DO PREZO PUBLICO POLA REALIZACIÓN DE CURSOS OU ACTIVIDADES FORMATIVAS NO ÁMBITO EDUCATIVO, PROFESIONAL, ARTÍSTICO, E PERSOAL REALIZADAS POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR aprobada pola Xunta de Goberno Local 11/02/10".

Aprobación pola Xunta de Goberno Local : 2 outubro de 2015.

Publicación no BOP: 14 de outubro de 2015.